

DÍA MUNDIAL DA VISIÓN

A importancia de «amar os teus ollos»

► No día de hoxe celébrase o Día Mundial da Visión, cunha xornada adicada á miopía | A detección temprana e a prevención son dous dos piares fundamentais para coidar a saúde ocular

Anxo Bentrón

A visión desempeña un papel crucial nas nosas vidas. Non en vano, sin ela non poderíamos interactuar co mundo da mesma maneira. Dende actividades cotiás como ler, traballar ou simplemente ver o mundo, ata momentos esenciais das nosas vidas, a nosa vida é ao fin e ao cabo unha ventá ao entorno. Sen embargo, moitas persoas non son plenamente conscientes da importancia de coidar a súa saúde ocular ata que comecen a experimentar problemas.

No día de hoxe, como cada segundo xoves do mes de outubro, celébrase o Día Mundial da Visión, unha xornada internacional coa que se busca facer unha chamada para concienciar, precisamente, sobre a importancia da saúde ocular e a prevención da cegueira evitable. Este ano, o lema da campaña é «Ama os teus ollos», unha mensaxe directa que invita ás persoas de todas as idades a prestar atención da saúde dos seus ollos e tomar medidas preventivas para manter a súa visión no mellor estado posible, subliando neste sentido, a importancia de realizar revisións oculares regulares e adoptar hábitos saudables.

Organizado pola Axencia Internacional para a Prevención da Cegueira (IAPB) e respaldado pola Organización Mundial da Saúde (OMS), o Día Mundial da Visión ten como obxectivo concienciar ás persoas sobre os diferentes tipos de afeccións visuais, os seus tratamentos e como casi todos son casos

previsibles e curables.

Un problema global

Segundo datos recentes da OMS, máis de 2.200 millóns de persoas a nivel mundial teñen algún tipo de discapacidade visual ou cegueira. De estes, casi a metade débese a causas evitables no caso de ser tratadas con anterioridade. Neste sentido, enfermidades como as cataratas, a retinopatía diabética ou a dexeneración macular son algunhas das principais causas de deterioro visual.

Máis de 1.000 millóns de persoas teñen unha discapacidade visual por causas evitables

Ademais, o incremento no uso de dispositivos electrónicos e o envellecemento da poboación están agravando a prevalencia destes problemas en moitas rexións, facendoo un problema cada vez máis presente.

A prevención e a detección temprana como piares

Un dos piares fundamentais da campaña é tanto a importancia da detección temprana, como da prevención. Neste sentido, o Instituto Clínico Quirúrgico de Oftalmología (ICQO) destacou recentemente que o 80% dos casos de cegueira e discapacidade vi-



Realizar exames con regularidade é primordial para a saúde ocular.



A miopía é un defecto que comeza cada vez máis a idades máis temperás

ECG

sual poderían previrse mediante revisións oftalmolóxicas periódicas.

A maioría das persoas só buscan axuda cando presentan síntomas ou dificultades, pero en moitos casos, os problemas oculares avanza sen mostrar sinais evidentes ata que o dano xa é irreversible. Realizar exames oculares con certa regularidade, mínimo unha vez ao ano, é fundamental para poder detectar e tratar a tempo condicións como a miopía, o astigmatismo, o glaucoma ou as cataratas.

Un día adicado á miopía


Nesta ocasión, o Día Mundial da Visión adícase á miopía, polo que, as ópticas galegas celebrarán ata este domingo 13 de outubro unhas xornadas de portas abertas para atender as consultas dos cidadáns sobre a súa saúde visual e, en concreto, sobre a miopía.

Ademais, para celebrar este día e concienciar sobre a importancia da saúde ocular, os representantes do Colexio Oficial de Ópticos Optometristas de Galicia reuniránse hoxe en Ferrol para celebrar unha xornada informativa, cunha rolda de prensa dende as 12.00 horas.

Con estas actividades, búscase concienciar á poboación sobre a miopía, un defecto de refracción que fai que se teña unha visión borrosa dos obxectos que están lonxe, mentres que os cercanos se aprecian con claridade. Un defecto que, cada vez máis, comeza a idades máis temperás, aparecendo frecuentemente en nenos e adolescentes.

ECG

E-I5000423-E-I5001111-E-I5001309



NOVAVISION
ÓPTICA E AUDIOLOXÍA

audioloxía óptica contactoloxía saúde visual



 @novavisionarzu
 @novavisionarca
 @CentroOpticoNovavision

www.novavision.es

Avda. de Lugo, 19 baixo - Arca - O PINO (A Coruña) • T/F. 981 511 080 | C/ Juan Vidal, 17 - Baixo - ARZÚA • T. 981 942 963 (A Coruña)

SOMOS
PROFESIONALES
AL CUIDADO
DE TU VISIÓN



Óptica Rilo
Ópticos Optometristas



C / Travesía de Cacheiras, 12 Portal 7
Cacheiras -Teo (A Coruña)

Tel.: 981 80 71 43
www.opticarilo.com







Óptica VAL

www.opticaval.es

Santiago-Orense-Sanxenxo-Portonovo-O Grove

40 AÑOS CUIDANDO DE TU SALUD VISUAL